

## **INSTRUCCIÓN PARA PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS**

### ***Que tedes que saber de Noites Abertas?***

**Noites Abertas** é un programa de lecer nocturno para os venres e sábados do primeiro semestre de cada ano en Pontevedra, que puxo en marcha o Concello de Pontevedra no ano 1999 e que vai pola súa XIX edición.

Trátase dunha oferta gratuíta de lecer con actividades construtivas, divertidas e interactivas, onde a mocidade pode participar achegándose tanto en grupo como individualmente e baseada na comunicación e o intercambio cultural entre mozos/as de diferentes idades, gustos, intereses e necesidades. Desenvolve as súas actividades en diferentes espazos da cidade e durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril.

**Destinatarios:** o programa vai dirixido á poboación nova entre os 12 e 30 anos, que se atopa en Pontevedra durante a fin de semana, mais vós en cada actividade poderdes especificar o intervalo de idade concreto ao que pensades dirixila (maiores de 18, maiores de 16...), se non o facedes, entenderase que se dirixe a todo o rango de idades de Noites Abertas.

**Calendario e horario:** venres e sábados dende o **26 de XANEIRO ata o 28 de ABRIL** de 2018 agás os festivos 10, 17 de febreiro, 30 e 31 de marzo (ver calendario xunto).

O horario marcarase entre o intervalo das 20 e as 00,30h da noite, dependendo da xornada. Cada actividade proposta especificará o seu horario concreto (1 hora, 2 horas ou 2,5 horas como norma xeral) tendo en conta duración que considera máis adecuada e o perfil de participantes a quen vai orientada. Algunhas das actividades poden ter lugar, excepcionalmente, en horario diurno os sábados pola mañá, sempre e cando sexa imposible realizalas de noite e sexa acorde coas características e fins do programa.

### ***Quen pode presentar propostas?***

Toda persoa, colectivo ou entidade que o desexe, mentres cumplan os requisitos básicos: ser unha proposta da mocidade e lúdica. Estableceranse criterios de selección entre as propostas recibidas, polo que terán preferencia as presentadas por mozas e mozos a título individual ou a través de grupos e colectivos informais, asociacións, clubs deportivos e empresas por esta orde.

### ***Que requisitos teñen que cumprir as vosas propostas de actividades?***

Para presentar a proposta tes que cubrir o formulario on-line dispoñible na nosa web [www.noitesabertas.gal](http://www.noitesabertas.gal) xunto co arquivo descargable debidamente cuberto.

As actividades deberán ser de carácter socioeducativo (educación para a saúde, a igualdade, ambiental...), sociocultural (promoción da cultura galega, da interculturalidade e diversidade cultural, arte, música, teatro, gastronomía, xogos,...) ou físico-deportivo.

Todas as actividades deberán ser inclusivas, non sexista, participativas e lúdicas, favorecendo as relacións interpersoais e o traballo en equipo.

Ao non requerir de inscrición previa, as actividades terán que contemplar sesións independentes que non esixan ter participado nas sesións anteriores, xa que debes ter en conta que a xente pode repetir ou ser diferente cada día.

Todas as propostas teñen que vir acompañadas do currículo dxs monitorxs que impartirán as actividades este ha de recoller o perfil formativo ou experiencia adaptada á actividade que desexa impartir.

## Anexos Formulario Presentación Proxectos Noites Abertas 2018



De ser admitida a proposta inicialmente, priorizaranse aquelas propostas onde o seu monitorado asine o COMPROMISO DE PARTICIPAR NA FORMACIÓN EN XÉNERO IMPARTIDA POLA COMISIÓN DE IGUALDADE DE NOITES ABERTAS. Non será necesario asinar o compromiso aquelxs monitorxs que xa pasaron por esta formación no ano 2017 ou no 2016.

### **Obxectivos xerais de Noites Abertas:**

- Proporcionar á mocidade unha alternativa de ocio de fin de semana que propicie espazos lúdico-educativos e de encontro, que permitan promover pautas de ocio saudable.
- Favorecer a participación activa da mocidade no deseño e organización de actividades, de xeito que non sexan simples destinatarios e pasen a ser protagonistas do seu propio lecer
- Aplicar o principio de igualdade de oportunidades introducindo a perspectiva de xénero dende o ocio e o tempo libre.
- Favorecer a igualdade de oportunidades introducindo medidas que favorezan a **inclusión social** de determinados colectivos xuvenís e de persoas con necesidades específicas.
- Fomentar o emprego xuvenil e as condicións persoais de acceso ao mercado laboral.

### **Lugar e data de presentación de propostas:**

A Coordinación de Noites Abertas está á vosa disposición para orientarvos e axudarvos na elaboración de propostas. Podedes consultar dúbidas concertando cita coa coordinación de Noites Abertas na Oficina de Xuventude ou chamando ao 986 840367 en horario de 9 a 15h. Tamén podedes facelo a través do seu e-mail [noitesabertas@pontevedra.gal](mailto:noitesabertas@pontevedra.gal)

**PRAZO DE PRESENTACIÓN: do 13 de outubro ao 7 de novembro de 2017**

**LUGAR DE PRESENTACIÓN:**

Oficina de Xuventude do Concello de Pontevedra (Coordinación de Noites Abertas)

Casa da Luz, pza da Verdura, s/n 36002

Teléfono 986 840367

Mail: [noitesabertas@pontevedra.gal](mailto:noitesabertas@pontevedra.gal)

Web: [www.noitesabertas.gal](http://www.noitesabertas.gal)

**E ante todo, moitas grazas por PARTICIPAR!**

**RECURSOS HUMANOS: quen impartirá a actividade?**

Imprescindible incluír os datos e contacto do monitorado que se encargará da actividade: nome, idade, enderezo e teléfono, ademais dun breve currículum de cada un/ha onde se destaque o que teña relación coa actividade a impartir (froito da experiencia laboral, formativa, voluntaria ou dalgunha afección que teña). Podedes xuntalo noutro documento. A entregar tamén por monitorado doutras edicións.

**RECURSOS MATERIAIS: que precisamos?**

Incluiremos unha relación, o máis detallada posible, dos materiais que serán necesarios para o desenvolvemento da actividade (por sesión), diferenciando entre os materiais que achega a Coordinación de Noites Abertas, os materiais que achegará o voso colectivo e unha relación daqueles materiais que haberá que adquirir (os cales tedes que ter valorados economicamente para incluír logo no apartado do orzamento).

- Material de Noites Abertas que se require (ver anexo 1):
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Material que achegará o colectivo (proprios da vosa entidade ou colectivo):
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Material a adquirir (valorado economicamente tendo en conta o número máximo de persoas por sesión):
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Material que debe levar o/a participante (por ex. auga, roupa deportiva, esteira, ...):

**ORZAMENTO**

Medios económicos que precisamos para o desenvolvemento da actividade, detallando monitorxs e materiais que teñades que adquirir. **IMPORTANTE:** Un só orzamento por actividade e por sesión.

<b>GASTOS por sesión</b>		<b>NOME DA ACTIVIDADE:</b>		
<b>Concepto</b>	<b>Nº</b>	<b>Custo bruto/hora</b>	<b>custe unidade</b>	<b>custo total</b>
MONITORXS		Estipulado en 35€/h.		
<b>Concepto</b>	<b>Descrición</b>		<b>custe unidade</b>	<b>custo total</b>
MATERIAL				
OUTROS GASTOS				
<b>TOTAL CUSTO POR SESIÓN</b>				

**NOTA:** presupostade cada actividade e o custo de monitorado e materiais por sesión.

**ANEXO 1**

**Inventario de material de Noites Abertas que podeades solicitar:**

MATERIAL DEPORTIVO	conos, conos chinos, balóns fútbol , balóns basket , balóns fútbol sala , pelotas de pilates , tatami, parquet break, raquetas pin-pon, pelotas pin-pon, mesas de pin-pon (no Froebel), esteiras
MOBILIARIO	soportes de madeira para paneis de graffiti, pizarras con rotuladores
MATERIAL MANUALIDADES	material manualidades (tesouras grandes, tesouras pequenas, bolígrafos, lápises, lápises de cores, pegamentos, ...), plásticos de acreditación, pinceis, material de costura (agullas, fíos, tesouras...), material de calceta e ganchillo (agullas, fíos, etc), pinturas de varios tipos, pegamentos de varios tipos, abelorios, grampadoras, pistolas de silicona.
MATERIAL AUDIOVISUAL	Equipo de música, cámaras de lomografía, altavoces de PC, material propio do Local de Música (baterías, micros, amplificadores e teclados), canón proxector.
MATERIAL DE OFICINA	bolígrafos, fotocopias, folios, lápises, tesouras, etc...
OUTRO MATERIAL	enchufes prolongadores, material de limpeza (bolsas e sacos de lixo), vasoira, recolledor, produtos de limpeza, plásticos protectores,...

## Anexos Formulario Presentación Proxectos Noites Abertas

### ANEXO 2

Calendario de realización de actividades

2018	Sábado	Venres	Sábado	Venres	Sábado	Venres	Sábado	Venres	Sábado	Venres	Sábado
XANEIRO										26	27
										INICIO	
FEBREIRO		2	3	9	10 Entroido	16	17 Entroido	23	24		
MARZO		2	3	9	10	16	17	23	24	30 s.sta.	
ABRIL	1 s.sta.	6	7	13	14	20	21	27	28 FIN		

días con actividade

días sen actividade

13 fins de semana , 24 xornadas

Horario xeral de actividades: 20-00,30 h.

Venres e sábados, excluídos os festivos que se sinalan en vermello.

**OLLO! Debedes escoller as datas para a vosa actividade entre todas as posibles, non tedes que poñela na totalidade das xornadas.**

**Anexos Formulario Presentación Proxectos Noites Abertas**

**ANEXO 3**

**FOLLA DE COMPROMISO COA FORMACIÓN BÁSICA EN XÉNERO IMPARTIDA POLA COMISIÓN DE IGUALDADE DE NOITES ABERTAS**

NOME E APELIDOS DX MONITOR/A: .....

DNI: .....

Pola presente asino o meu COMPROMISO COA FORMACIÓN BÁSICA EN XÉNERO (4 horas) que ofertará a Comisión de Igualdade de Noites Abertas e participarei nalgunha das convocatorias que se propoñan dende esta.

Asinado en                      o                      de                      de 2017

**NOTA: o compromiso con esta formación básica en xénero non será necesario para monitorado que xa recibira esta formación nas 2 edicións anteriores de Noites Abertas.**